

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de marzo de 2007

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e seis de marzo de dous mil sete e baixo a presidencia da Excm. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(438).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 1 de marzo e ordinaria do 5 de marzo de 2007. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(439).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 1731/12

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 13.03.07, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Tomasa Alonso Paz. Expte. 1731/12.

3(440).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DESTINADOS A FAVORECER OS PROCESOS DE ACOLLIDA DA POBOACIÓN RETORNADA E INMIGRANTE NA COMUNIDADE AUTÓNOMA GALEGA DURANTE O ANO 2007. EXPTE. 20765/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 19.03.07, conformado pola delegada de Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a la solicitude de subvención proposta polo departamento de Benestar Social, do Concello de Vigo, a través da oficina de inmigración, por un importe total de 173.000.- € segundo lo previsto na Resolución do 27 de febreiro de 2007, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación de emigrantes retornados e inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2007.

4(441).- CAMBIO DA DATA DO EVENTO “DUATLON RECONQUISTA DE VIGO” AUTORIZADO POLA X.GOVERNO LOCAL Ó CLUB TRIATHLÓN VIGO. EXPTE. 6899/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

O Club Triatlón Vigo, tiña previsto organizar o vindeiro 25 de Marzo de 2007, unha proba de duatlón. Esta proba deportiva, estaba previsto que se desenvolvera no novo polígono de Navia, entre as 11.00 horas e as 12.30 horas.

Con data 20 de marzo, o Club Triatlón Vigo, comunícanos mediante escrito que se xunta, a imposibilidade de desenvolver o dito evento nesta data, procedendo a trasladar o mesmo ao SABADO 14 DE ABRIL en horario de 17 a 19,30 horas co mesmo percorrido polo novo Polígono de Navia

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar ao Club Triatlón Vigo, o cambio de data do evento DUATLON RECONQUISTA DE VIGO, para organizalo o vindeiro sabado 14 de abril de 2007, en lugar do 25 de marzo, que era a data aprobada na Xunta de Goberno Local do pasado 19/03/2006, cun percorrido polo novo Polígono de Navia, entre as 17.00 horas e as 19.30 horas”

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a precedente proposta.

5(442).- SOLICITUDE DO RC CELTA DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DOS ANTIGUOS TORNIQUETES POR OUTROS NOVOS PARA MELLORAR O CONTROL DO ACCESO AO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS. EXPTE. 6898/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.03.07, conformado pola concelleira-delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

Con data 11/09/2006 o RC. Celta achega ao servizo de Protección Civil, proxecto de torniquetes incluído na actualización do sistema de control de accesos no Estadio Municipal de Balaídos, da Liga de Fútbol Profesional.

Con posterioridade, o 17 de xaneiro de 2007, este proxecto é remitido polo servizo de Mobilidade e Seguridade ao xefe de Patrimonio, que o remite ao arquitecto da oficina técnica de Patrimonio para informe.

Así, o día 12/02/2007 o arquitecto municipal Luis Felipe Iglesias Comesaña, emite informe no que indica que a instalación solicitada consiste nunha mellora do control de accesos, mediante a substitución dos torniquetes existentes por outros de mellor calidade que cumpren as normas de seguridade en vigor.

Con data 20 de febreiro, o xefe de Patrimonio remite a esta dependencia dilixencia, no que indica que consonte co convenio sería o R.C. Celta o que tería a obriga de substituír os ditos torniquetes por outros de maior calidade, xa que a realización do dito traballo non afectaría á estrutura do edificio, sendo só unha mellora das instalacións.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar ao R.C. Celta de Vigo, SAD á substitución dos antigos torniquetes por outros novos, co fin de actualizar o sistema de control de accesos no Estadio Municipal de Balaídos, segundo o proxecto da Liga de Fútbol Profesional.

Segunda.- A autorización outorgada, queda supeditada á non afectación da estrutura do Estadio Municipal de Balaídos, co que os traballos a desenvolver só consistirán nunha mellora das instalacións.

Terceira.- Estes traballos non terán custo económico ningún para o Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(443).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA VIGUÉS DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A XXXIV EDICIÓN DO GRAN PREMIO CICLISTA SAN XOSÉ OS DÍAS 31 DE MARZO E 1 DE ABRIL NO ENTORNO DE SAMIL. EXPTE. 6909/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.03.07, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués a organizar a XXXIV edición do Gran Premio Ciclista San Xosé, que está previsto que se desenvolva nun circuíto na Avenida de Samil (tramo comprendido entre a Avenida de Europa e as instalacións deportivas do IMD de Samil, nos días e horarios seguintes:

- Día 31 de marzo sábado: 14.00 a 19.00 horas.
- Día 1 de abril domingo: 9.30 a 14.00 horas.”.

7(444).- APROBACIÓN TÉCNICA DO PROXECTO “MODIFICADO Nº 1 REPARACIÓN PASEO DE BOUZAS. ACTUACIONES DE EMERXENCIA PARA SUBSANAR AS DEFICIENCIAS DE URBANIZACIÓN E INSTALACIONES”. EXPTE. 439/443.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do coordinador do Área de Servizos Sociais, do 15.03.07, que di o seguinte:

O proxecto “MODIFICADO Nº 1 REPARACIÓN PASEO DE BOUZAS. ACTUACIONES DE EMERGENCIA PARA SUBSANAR LAS DEFICIENCIAS DE URBANIZACIÓN E INSTALACIONES.”, foi redactado polos técnicos municipais D. Alvaro Crespo Casal y D. Jorge Muñoz Rama, en marzo de 2007.

O obxecto do proxecto é definir e valorar as obras necesarias para a “MODIFICADO Nº 1 REPARACIÓN PASEO DE BOUZAS. ACTUACIONES DE EMERGENCIA PARA SUBSANAR LAS DEFICIENCIAS DE URBANIZACIÓN E INSTALACIONES.”.

O orzamento adicional líquido ascende á cantidade de CERO EUROS (0,00 €).

O proxecto inclúe o correspondente estudo de seguridade e saúde de acordo co artigo 17.2 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro.

A documentación do proxecto se considera completa, tendo en conta a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (B.O.E., 21-6-2000) do Regulamento Xeral, Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro (B.O.E., 26-10-2001) polo que se informa favorablemente e proponse a súa aprobación os efectos do control ordenado no artigo 128 da referida Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a seguinte:

PROPOSTA:

Aprobar técnicaamente ou proxecto de “MODIFICADO Nº 1 REPARACIÓN PASEO DE BOUZAS. ACTUACIONES DE EMERGENCIA PARA SUBSANAR LAS DEFICIENCIAS DE URBANIZACIÓN E INSTALACIONES.”, cun orzamento adicional líquido de CERO EUROS (0,00 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda aprobar técnicaamente ou proxecto de “Modificado nº 1 reparación Paseo de Bouzas. Actuacións de emerxencia para subsanar as deficiencias de urbanización e instalacións” cun orzamento adicional líquido de CERO EUROS (0,00 €).

8(445).- PROXECTO DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO. EXPTE. 2835/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe do Servizo de Informática e Comunicacions, do 21.03.07, conformado pola concelleira delegada de Informática, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a primeira fase do proxecto de MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE VIGO, correspondente ao ano 2007, por un importe de 539.885 €.

2º.- Solicitar unha subvención do Ministerio de Administracións Públicas, dentro da liña de subvencións para a Modernización Administrativa Local (eModel, por importe de 269.942 € que corresponde ao 50 % do importe da Fase I do proxecto,cuxo inicio será no ano 2007 e terá unha duración dun ano.

3º.- O Concello de Vigo, para dar cobertura ao gasto proposto, iniciará o procedemento adecuado para suplementar o crédito necesario, que terá a consideración de investimento.

4º.- Non se solicitou ningunha outra axuda para financiar este proxecto.

9(446).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE IMPARTICIÓN E COORDINACIÓN DOS CURSOS E ACTIVIDADES DE ALFABETIZACIÓN DE ADULTOS. EXPTE. 7125/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación do 5.03.07, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Asociación Mulleres Progresistas de Vigo” o concurso para a contratación da prestación dos servizos de impartición e coordinación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas do Concello de Vigo. Expte. 7125/332, por un importe anual de 32.000 euros e 40,86 euros da hora lectiva de prestación de servizo para incrementos ou reducións que se poideran acordar. Todo iso de acordo cos pregos de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11.12.2007 e a oferta presentada.

10(447).- PRÓRROGA DAS ACTUAIS AUTORIZACIÓNS PARA OCUPACIÓNS DAS PRAIAS CON POSTOS DE TEMPORADA PARA O ANO 2007. EXPTE. 18009/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 24.03.07, conformado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e polo concelleiro delegado de Medioambiente, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesións de 4 de xullo e 8 de agosto de 2005, acordou adxudica-los lotes do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada en praias a Da. Marta Lorenzo Barrera (1, 4, 8 e 9); Da. Mónica González Francisco (7); Da. María Francisco Touriño (3 e 6); D. Juan José Díaz

Mosquera (10); Temperans & Animals, S.L. (12); e Da. Obdulia Lastra Francisco (2 e 5). De acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005.

Na cláusula segunda do indicado prego de condicións se indica que as autorizacións se concederán para a temporada estival dos anos 2005 e 2006, puidendo prorrogarse para as temporadas dos anos 2007 e 2008, previo acordo expreso do órgano de contratación.

O órgano Xestor de Praias do Concello de Vigo, en reunión de 13 de febreiro de 2007, acordou o seguinte:

“a) Acceder á prórroga das actuais autorizacións, coa salvedade da referida ó quiosco instalado na praia de Santa Baia (nº 2), por non dispoñer de servicios hixiánicos nin axustarse ó modelo autorizado, entre outras deficiencias.

b) Esixir a tódolos titulares dos quioscos que manteñan en todo momento as condicións de limpeza e salubridade esixibles, debendo manter abertos e en perfecto estado os servicios hixiánicos durante o período autorizado na temporada de verán, procedendo a limpar inmediatamente os grafitis e a repara-los posibles danos e desperfectos producidos nas instalacións.”

Polo tanto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Prorroga-las actuais autorizacións para ocupación das praias con postos de temporada para o período 2007, que comprende dende o 1 de xuño e 30 de setembro, ós seguinte adxudicatarios e polos importes que se indican para cada quiosco, unha vez incrementado co IPC correspondente:

- Marta Lorenzo Barrera, lotes 1, 4, 8 e 9, por importe de 53.705,76 euros
- Mónica González Francisco, lote 7, por importe de 16.181,14 euros
- María Francisco Touriño, lotes 3 e 6, por importe de 24.041,28 euros
- Juan José Díaz Mosquera, lote 10, por importe de 9.584,99 euros
- Temperans & Animals, S.L., lote 12, por importe de 5.324,99 euros
- Obdulia Lastra Francisco, lote 5, por importe de 12.818,59 euros

Ditas autorizacións axustaranse ás condicións do prego aprobado pola Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005.

Tódolos titulares dos quioscos manterán en todo momento as condicións de limpeza e salubridade esixibles, debendo manter abertos e en perfecto estado os servicios hixiánicos durante o período autorizado na temporada de verán, procedendo a limpar inmediatamente os grafitis e a repara-los posibles danos e desperfectos producidos nas instalacións.

Así mesmo aportarán xustificante do ingreso da garantía depositada na Caixa Xeral de Depósitos por un importe de 360 euros por cada quiosco.

Ambas dúas cantidades haberán de estar ingresadas antes do 30 de maio de 2007”

Acordo

A Xunta de Goberno local, visto o precedente informe, acorda:

Prorroga-las actuais autorizacións para ocupación das praias con postos de temporada para o período 2007, que comprende dende o 1 de xuño e 30 de setembro, ós seguintes adxudicatarios e polos importes que se indican para cada quiosco, unha vez incrementado co IPC correspondente:

- Marta Lorenzo Barrera, lotes 1, 4, 8 e 9, por importe de 53,705,76 euros
- Mónica González Francisco, lote 7, por importe de 16.181,14 euros
- María Francisco Touriño, lotes 3 e 6, por importe de 24,041,28 euros
- Juan José Díaz Mosquera, lote 10, por importe de 9.584,99 euros
- Temperans & Animals, S.L., lote 12, por importe de 5.324,99 euros

Ditas autorizacións axustaranse ás condicións do prego aprobado pola Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005.

Tódolos titulares dos quioscos manterán en todo momento as condicións de limpeza e salubridade esixibles, debendo manter abertos e en perfecto estado os servizos hixiénicos durante o período autorizado na temporada de verán, procedendo a limpar inmediatamente os grafitis e a repara-los posibles danos e desperfectos producidos nas instalacións.

Así mesmo aportarán xustificante do ingreso da garantía depositada na Caixa Xeral de Depósitos por un importe de 360 euros por cada quiosco.

Ambalas dúas cantidades haberán de estar ingresadas antes do 30 de maio de 2007.

11(448).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE 100 BICICLETAS PARA O TRANSPORTE URBANO DE CIDADÁNS. EXPTE. 1726/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación, do 19.03.07, conformado pola xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, o concelleiro da Área de Seguridade e circulación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 30.000 euros para a execución da subministración de 100 bicicletas para o transporte de cidadans que se imputarán á partida presupuestaria 2220.624.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 15-03-2997 e o prego de prescripción técnicas para a subministración de 100 bicicletas para o transporte de cidadans.

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

12(449).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE SEIS BASES PARA BICICLETAS DESTINADAS Ó TRANSPORTE URBANO DE CIDADÁNS. EXPTE. 1724/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación, do 19.03.07, conformado pola xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, o concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 60.670 euros euros para a subministración de seis bases para bicicletas destinadas o transporte urbano de cidadáns que se imputarán á partida presupuestaria 2220.629.00 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 15.03.2007 e o prego de prescripción técnicas para a subministración de seis bases para bicicletas destinadas o transporte urbano de cidadáns.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación urgente.

13(450).- EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANETEMENTO, CONSERVACIÓN E XESTIÓN DUN SISTEMA DE BICICLETAS EN VIGO. EXPTE. 1725/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.03.07 e o documento contable RC acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta técnico municipal do Servizo de Deportes, do 19.03.07, conformado pola xefa de Área de Mobilidade e Seguridade, o concelleiro da Área de Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-lo gasto 30.000,00 euros para a prestación dos servizos de xestión, mantemento e conservación dun sistema de transporte mediante prestamo de bicicletas. que se imputarán á partida presupuestaria 222021400 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de 15.03.2007 e o prego de prescripción técnicas para a prestación dos servizos de xestión, mantemento e conservación dun sistema de transporte mediante prestamo de bicicletas..

3º.- Solicitar ofertas a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

14(451).- SOLICITUDE DE Dª. PILAR ALONSO SOTELO E OUTROS DE ADQUISICIÓN DE PARCELA MUNICIPAL Nº 561 DO INVENTARIO MUNICIPAL. EXPTE. 17932/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación, do 9.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Código Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro das Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 de 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

INFORME-PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste Concello de data 25.10.2006, Dña Pilar Alonso Sotelo e outros, solicitan a actualización da valoración da parcela nº 561 de propiedade municipal, sita na Avda de Martínez Garrido desta cidade, a fin da súa adquisición segundo o acordo plenario de data 12 de xullo de 1991.

SEGUNDO.- Segundo resulta do Inventario Municipal de Bens e Dereitos , aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993, o Concello é titular, co nº de propiedade 000561 dunha parcela de avance de 130.80 m2 na avda de Martinez Garrido, adquirida por expropiación forzosa, resultante de dúas parcelas a nº 51 de 68.40 m2 expropiada a D. Jose Alonso Lago, no ano 1974, e outra a nº 52 de 62.40 m2 (sen sinalar a identidade do expropiado).

TERCEIRO.- Dos antecedentes que constan, na oficina do Inventario municipal, resulta que D. Jose e Dña. Josefa Alonso Lago solicitaron no ano 1991 a adquisición de parte da parcela de avance (nº 52) nunha superficie de 57,72 m2, coa que rmanifestaban ser colindantes.

O pleno municipal, en sesión ordinaria de 12 de xullo de 1991, acordou o alleamento directo a favor de D. Jose e Dña. Josefa Alonso Lago, na condición de propietarios de terreos colindantes, de tres parcelas sobrantas da vía pública, sitas na Avda de Martinez Garrido de

42.40 m2, 21.80 m2, e 10.05 m2., polo prezo de 1.272.000 ptas., 654.000 ptas, e 301.500 ptas. respectivamente.

Acordo notificado aos solicitantes o 12.8.1991, sen que conste a súa aceptación, o pago do prezo ou a formalización en documento público do contrato de venda.

CUARTO.- Solicitado da xerencia municipal de urbanismo informe urbanístico sobre a parcela municipal no 561, foi emitido en data 3 de novembro de 2006, no que tralo análise das características e clasificación urbanística da parcela na actualidade, e das consideracións xurídicas que atinxen ao expediente de alleamento seguido, conclue sinalando que non se deu cumprimento ao acto de adxudicación de alleamento acordado polo pleno o 12.07.1991, que a parcela non é a día de hoxe parcela sobrante, e finalmente que as obrigas derivadas da perfección do contrato estarían prescritas.

QUINTO.- Para determinar a procedencia e viabilidade da pretensión de adquisición instada, requírese o previo análise e valoración dos actos administrativos precedentes dos que parte a solicitude, e do que deles poida resultar na resolución actualmente de dita pretensión.

A solicitude formulada para a actualización dunha valoración e adquisición da parcela municipal nº 561 feita polos interesados, a partir dun acordo adoptado polo pleno municipal no ano 1991, supoñe un alleamento oneroso de propiedade municipal, que daría lugar a un contrato privado de compravenda, cuxo réxime xurídico é o previsto na normativa reguladora da contratación pública e normas de dereito privado.

SEXTO.- Neste senso o código civil dispoñe que os contratos existen dende que unha ou varias persoas consintan en obrigarse a dar algunha cousa ou prestar algun servizo (art. 1.254). A existencia do contrato vinculativo perfeccionado supoñe a necesaria concorrencia dos elementos sinalados no art.1.261 do Código Civil, é dicir, consentimento dos contratantes; obxecto certo que sexa materia do contrato; e causa da obriga que se establezca.

Así mesmo o contrato de compravenda, como contrato consensual require para o seu perfeccionamento e eficacia unha concorrencia de vontades coincidente tanto no obxecto do contrato que deberá recaer en cousa determinada, como no prezo certo a pagar por ela. (art. 1.445 e 1450 del CC).

SETIMO.- Por medio do acordo plenario de 1991, esta Administración ven a establecer as condicións concretas de alleamento, fixando as parcelas municipais coa superficie e lindeiros obxecto de venda (non coincidente nos seus termos coas plantexadas polos solicitantes), así como do prezo certo polo que se efectúa esta. Dito acordo configúrase como unha oferta de venda que require conseguintemente da concorrencia do consentimento (art. 1.262 CC) mediante a súa aceptación posterior, circunstancia que na documentación do expediente non consta que se tivese efectuado, nin tácita nin expresamente, polos solicitantes, trala notificación do acordo en data 12.08.1991, entendéndose acaecido un desestamento tácito da pretensión inicial da adquisición formulada por estes.

OITAVO.- A doutrina científica e a xurisprudencia, tal e como recollese na STS de 30.05.1996, ven esixindo que o concurso da oferta e a aceptación, como requisito indispensábeis para a perfección do contrato, han de conter tódolos elementos necesarios para a existencia do mesmo, e coincidir exactamente nos seus termos, debendo constar a vontade de quedar obrigado os contratantes, tanto na oferta proposta, como na aceptación correlativa á mesma; non podendo entenderse esta perfecta concordancia cando tanto unha como a outra fanse dun modo impreciso, ou cando o que se formula é unha contra oferta.

Conseguintemente, non pode considerarse, co acordo plenario adoptado, perfeccionado o contrato, nin polo tanto resulta este pendente dunha consumación mediante a tradición instrumental do art. 1462.2º do código civil, sinon que a falta do otorgamento, no seu día, polos interesados do consentimento á oferta de venda formulada e que foilles notificada, determina a inexistencia de negocio contractual algun, o que leva inexcusamente a consideración da solicitude presentada polos actuais dunha nova proposta de

adquisición, que require da necesaria concurrencia e coincidencia de vontades entre as partes intervenintes, a otorgar en base as vixentes condicións técnico-xurídicas.

NOVENO.- Nestes termos, na actualidade as parcelas municipais obxecto do acordo do ano 1991, e incluídas posteriormente no Inventario municipal de Bens e dereitos no ano 1993 baixo o nº de propiedade 000561, non reunen, tal e como se informa pola Xerencia de Urbanismo o 3 de novembro do 2006, a condición de parcelas sobrantes que habilite unha tramitación da súa venda directa á colindantes de acordo co procedemento do art. 115 do RBEL, interesada por Dña. Pilar Alonso Sotelo e outros, correspondendo polo tanto o rexeitamento da solicitude de adquisición formulada por esta en data 25.10.2006.

DECIMO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no art. 127.1.f da LRBRL.

Por todo o anteriormente exposto propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Desestima-la solicitude formulada por Dña. Pilar Alonso Sotelo e outros, de adquisición da parcela municipal nº 561 do Inventario municipal de bens e dereitos, ao non resultar parcela sobrante de acordo co planeamento municipal.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(452).- SOLICITUDE DE D. ELOY FIGUEROA PIÑEIRO DE DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO DO REGUEIRO NA PARROQUIA DE VALADARES. EXPTE. 17191/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 12.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e o concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALG).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).
- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracions Publicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RD 24 xullo de 1889 do Codigo Civil (CC).
- L 4/1994 de 14 de setembro de Estradas de Galicia (LEG)
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 2568/1986 dde 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento, e Reximen Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- D. Eloy Figueroa Piñeiro , mediante escrito con entrada no rexistro xeral do concello en data 08.02.2006 solicita a desafectación do camiño do Regueiro o considerar que se trata dun camiño privado para servizo da súa finca creado pola propia propiedade.

SEGUNDO.- Na instrucción do expediente foron levados a cabo os trámites procedimentais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos e servizos municipais competentes nas diversas materias que poideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os Organos competentes desta Administración, constando os seguintes:

Informe da Oficina do Inventario municipal de 12.06.2006.

Informe do Arquitecto de Patrimonio de 18.07.2006

Informe do servizo de Cartografía de 20.11.2006.

Exp. de licencia de obras nº 2307/1965 a nome de D. Antero Piñeiro Iglesias.

TERCEIRO.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia a A.VV de Valadars e os propietarios de parcelas colindantes, na súa condición de interesado no procedemento como titulares de dereitos que poideranse ver afectados pola solicitude de desafectación plantexada pola reclamante, constando a formulación de alegacións por Dña. M^a. Pilar Comesaña Alonso en data 28-09.2006 na que manifesta non existir inconveniente en tanto se manteña a alineación de deslinde entre ambas propiedades.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O camiño obxecto do presente expediente de rectificación, consta incluído no Inventario municipal de bens e dereitos, aprobado por acordo plenario en data 04-05-1993, no epígrafe I- Inmobles-Vías Públicas e reflectido na planimetría de viais de dito Inventario municipal.

SEGUNDO.- O Inventario municipal de bens e dereitos deste Concello foi aprobado definitivamente por acordo Plenario de data 4 de maio de 1.993, e con referencia ó 31 de decembro de 1.991, datando a súa aprobación inicial acordada polo Pleno Municipal o 19/12/1.992, e habendo sido sometido a información pública polo prazo regulamentario para coñecemento e formulación de todas aquelas alegacións que na defensa dos seus dereitos e intereses poideran manifestar os administrados. E de reseñar que durante ese período de información pública non consta que se houbera formulado ningunha alegación en relación a inclusión no Inventario municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente as vías públicas o camiño agora discutido, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do Inventario municipal, e do que resultou en consecuencia a consideración de tal vía como pública de titularidade municipal integrantes do patrimonio municipal da súa condición de bens de dominio público afectos ó uso público. Acordo Plenario da aprobación definitiva que deviu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e gozando da lexitimidade, validez e executividade que o noso Ordenamento Xurídico lle atribúe (Art. 56 e 57 da Lei 30/92 de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

TERCEIRO.- Os bens de dominio público veñen regulados no noso Ordenamento Xurídico , tanto na normativa xurídica de réximen local como en normas de dereito privado, e lexislación sectorial.

Así a Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de Réximen Local (modificada por Lei 11/99) dispón no Art. 79.2 e 3, que os bens das Entidades

Locais son de dominio público ou patrimoniais, resultando os de dominio público os destinados a uso ou servizo público. Mesmo o Art. 80 sinala que os bens comunales e demais bens de dominio público son inalienables, inembargables e imprescriptibles . No mesmo senso pronúnciase a Ley 5/97 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia no Art. 263, concretando como bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, fontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral dos que a conservación e policía sexan competencia da Entidade Local. Igualmente nos mesmos termos recóllese no R.D. 1.372/86 de 13 de xuño do Regulamento das Entidades Locais (Art. 2 , 3 e 5).

Por outra banda o Código Civil igualmente configura como bens de uso público nas Provincias e Pobos os camiños provinciais ou veciñais, as prazas, rúas, fontes e augas públicas, paseos e obras públicas de servizos xerais, costeadas polos mesmos pobos ou provincias. Na Lexislación de estradas de Galicia (LEG) faise mención os camiños de servizo tanto os de titularidade dominical pública como os construídos por persoas ou entidades privadas, e a súa transición o uso público cando as circunstancias concurrentes nos camiños así o permita e o interese xeral o demande.

CUARTO.- Neste marco normativo sitúanse os medios e facultades de que se dispón para garantir a protección e defensa do patrimonio das Entidades Públicas na defensa do interese xeral o que serve. Entre elas resúlta de relevancia a obriga que se impón ás Administracións Locais da formación dun inventario onde se rexistren tódolos bens e dereitos que constitúen o seu patrimonio, como se recolle na LALG no seu Art. 278, e no Art. 17 do RBEL, onde se preve que o inventario dos bens inmobles comprenderan as vías públicas cos datos necesarios para a súa individualización, límites, longura e anchura (Art. 20 g).

QUINTO.- O presente expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos ten como finalidade a determinación da correcta inclusión no epígrafe I de vías públicas do camiño en cuestión e en atención o seu uso público, ou pola contra non concorre dita condición de uso público e consecuentemente procedería a súa rectificación inventarial dando de baixa. Neste senso a controversia centrase na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto dunha posesión pública por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil como reiteradamente xa ven declarando a Xurisprudencia do Tribunal Supremo.

SEXTO.- Así mesmo a Administración Local ten plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos dispoñendo igualmente da facultade da prescrición adquisitiva contemplada no noso ordenamento xurídico (art. 5 da LRBRL, art. 270 e 275 da LALG, arts. 8.4.c, 9, 14.1 do RBEL e art. 1940 e ss. do CC). O tempo da súa obriga na protección, defensa e reivindicación dos seus bens e dereitos sen que poida allanarse as demandas formuladas contra eles (art. 5, 68.1 da LRBRL, art. 270, 284.2, 285 da LALG, art. 220 ROFRXAL, e art. 9 e 73 do RBEL).

SETIMO.- Centrada a cuestión na afectación de dito camiño o seu destino o uso público, e na posesión pública e pacífica que esta Administración exerce sobre o mesmo, podese considerar que o tramo do camiño do Regueiro obxecto do presente expediente figura como vía pública no Inventario municipal de bens e dereitos do ano 1993, estando atribuída pacificamente a este a condición de vía de uso público afectos á rede viaria municipal, como parte integrante da infraestrutura pública que dacordo coa súa configuración física, servie de conexión e comunicación con outras vías públicas, resultando conseguintemente vencellada o uso común e xeral de tódolos veciños indistintamente, sen que o uso duns imposibilite o dos demais (art. 75.1 RBEL).

Da documentación achegada o expediente, é de salientar que a parcela do reclamante, según resulta do expediente de licenza de obra instruído a nome de D. Antero Piñeiriro Iglesia do ano 1965, para a construción dunha casa de planta baixa e piso para vivenda (autorizado pola CMP en sesión de 23.03.1966), faise constar, no proxecto de obra presentado, a parcela orixinal cunha colindancia, polo vento sur (correspondente co obxecto do presente expediente) co camiño de Cacheira, segundo plano de deslinde visado o 27.09.1965, configurándose como un elemento físico delimitador da parcela e independente desta coa que e colindante. A súa existencia veñese reflectida, asimesmo, na información topográfica achegada polo servizo de cartografía, apreciándose no plano Lecar a escala 1/5000 dos anos 1960.

A teor do exposto, non se aprecia a concorrencia de circunstancias que desvirtúen indubidablemente a aparencia de uso público e posesión municipal do devandito camiño, e consecuentemente a procedencia da rectificación do Inventario municipal de viais.

OITAVO.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do presente expediente, a Xunta de Goberno Local (art. 127.1.f da LRBRL),

Por todo o anteriormente exposto PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Desestima-la solicitude formulada por D. Eloy Figueroa Piñeiro o non apreciarse a concorrencia de circunstancias que motiven e xustifiquen a pretensión da desafectación o uso público municipal dun tramo do camiño de Regueiro na parroquia de Valadares.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(453).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes técnicos, os informes do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Devolver a SIMCO S.L. a fianza de 5.732,16 €, constituída para responder do mantemento de parques forestais xa que o servizo foi recibido mediante acta de 18.06.01 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 1674/241.
- b) Devolver a JUEGOS KOMPAN S.A. a fianza de 424,06 €, constituída para responder da subministración de xogos para parques infantís xa que foron recibidos mediante acta de 26.12.05 por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte.. 1719/241.

17(454).- RECLAMACIÓN DE D^a. JOSEFA MEIJE CERDEIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE.791/243. DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Josefa Meije Cerdeira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de outubro de 2005, no que expón que, mentres camiñaba pola rúa Pizarro, á altura do semáforo que hai diante das urxencias do Hospital Xeral, sufriu unha caída, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/11/2005.*
- Parte do servizo da Policía Local, con data 08/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Meije relátalles o accidente que tivera o día anterior.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 01/12/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da

pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Á vista das actuacións practicadas no expediente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en supostos similares (entre outros, ditame 2/2005), resulta que a reclamante non ofrece máis proba de cómo aconteceron os feitos, isto é, da caída no lugar indicado e que o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público que as súas propias manifestacións, o que non pasa de ser unha tese argumental desprovista dunha mínima proba que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

E isto é así por canto

- O informe da Policía Local contido no parte de servizo éo con referencia ás manifestacións da interesada no día seguinte á caída;
- Os partes de asistencia médica refiren uns danos corporais dos que Dna. Ana María Santos é atendida, pero non os feitos en si;
- Descoñécense, segundo informe do servizo de Vías e Obras ó respecto, tanto as obras ás que se refire a reclamante así como quen as realizou, polo que parecen ser obra dun terceiro allego a este Concello. En todo caso, no seu escrito de 26/10/2005, di que pisou mal.

Non acreditada, polo tanto, a caída no lugar sinalado, nin que os danos foron á consecuencia do anormal funcionamento dun servizo público, procede indicar que no caso de producírense estas, foi a propia negligencia da vítima quen foi, co seu defectuoso control da propia deambulación, a causante de tales accidentes, sen que corresponda ningunha responsabilidade a esta Administración.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Josefa Meije Cerdeira por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(455).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL ALFREDO ROMERO ALONSO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 1027/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Alfredo Romero Alonso presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de abril de 2006, no que expón que o día 1 de setembro de 2005, ó circular co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-3935-BK, pola avenida da

Florida, á altura da número 23, pasou por encima dun sumidoiro cuxa tapa saltou, causándolle danos materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 01/09/2005, no que os axentes actuantes manfiestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Romero relátalles o accidente que tivera; igualmente, comprobán os danos producidos no vehículo e a existencia dun sumidoiro sen tapa, que proceden a sinalizar.
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 06/06/2006, manifestando que os prezos contidos no informe pericial de Groupama Plus Ultra, presentado polo reclamante, por un importe de 1.905,36 euros IVE incluído son correctos.
- Decretos da alcaldía, de data 08/06/2006, rechazando a práctica de probas testificais propostas polo reclamante ó seren reiterativas do informe do Parque Móbil e do parte da Policía Local.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 28/06/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións con data 06/07/2006.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis

polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No expediente, resulta acreditado que o interesado sufriu danos nunha llanta do seu vehículo ó estar a vía pola que circulaba atravesada na súa totalidade por unha gran focha que se atopaba sen sinalizar. De conformidade co informe do servizo de Vías e Obras do Concello, a dita focha pertence a Aqualia (acometida de saneamento), a que, en trámite de audiencia, sinala que as obras se executaban por outra empresa.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a que unha tapa dun sumidoiro saíuse da súa ubicación cando circulaba co seu vehículo.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3º do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- “1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Manuel Alfredo Romero Alonso.
- 2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 1.905,36 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(456).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARISOL DÍAZ DÍAZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 619/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC S.A.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Marisol Díaz Díaz presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 30 de maio de 2005, no que expón que o día 25 de maio de 2005, mentres camiñaba pola rúa Jenaro de la Fuente, diante do Centro cultural do Calvario, sufriu unha caída ó introducir un pé nunha boca de rega sen tapa, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 25/05/2005, no que os axentes actuantes manifestan que viron como a Sra. Díaz caía ó chan; persoados no lugar dos feitos, comprobán que a causa da caída debeuse a unha boca de rega cuxa tapa se atopaba afundida.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 814,17 euros.*
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 14/11/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 11/10/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

Do parte do servizo da Policía Local resulta acreditado por canto unha tapa metálica correspondente a unha boca de rego non se atopaba ben sustentada. Tras a caída, os axentes da Policía comprobaron que se balanceaba sobre a súa base unha vez colocada. Os danos corporais sufridos foron valorados por ditame de 15/09/2005 da Asesoría médica do Concello en 814,17 euros.

A Sra. Díaz Díaz reclama tamén gastos de desprazamento en taxi que non xustifica, así como da rotura duns zapatos achegando a este efecto fotografía na que se observan uns zapatos rotos, pero non se acredita en ningún caso que se romperon no lugar e data indicada, nin o valor que ela referencia, polo que ó non estaren debidamente probados ambos extremos, ten que se rexeitar a solicitude de indemnización por estes conceptos.

Terceiro.- O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigada a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.1 l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril , Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha focha nunhas obras na acometida de saneamento.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa impoñen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludíbel, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos

concedidos, a reclamación dirixirásese á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artigo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, PROPÓNSE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Marisol Díaz Díaz.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 814,17 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(457).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARGARITA BERNÁNDEZ SIMÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE.624/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Margarita Bernárdez Simón presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de xuño de 2005, no que expón que o día 4 de xaneiro de 2005, mentres camiñaba pola rúa Extremadura, á altura do número 29, sufriu unha caída por mor do estado da beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 02/06/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 08/06/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Práctica de proba testifical, en data 13/07/2006, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Bernárdez.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.902,92 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante en data 25/08/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constatada a existencia dun dano individualizado e avaliabel economicamente, no que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

No presente suposto, contátase no expediente o deficiente estado da beirarrúa o día da caída. Non obstante, tal e como manifesta a testemuña proposta polo solicitante nese intre era de día, a mediodía e a visibilidade era boa, e tal e como se observa nas fotografías achegadas ó expediente e resulta do informe do servizo de Vías e Obras que consta no expediente e serve de motivación a esta resolución consonte co artigo 89.5 da Lei 30/1992 que di que se poden observar a 10 metros, o defecto era perfectamente visíbel en condicións normais de circulación e tránsito non constituindo un defecto ou trampa oculto e a accidentada é unha persoa da que non consta ningunha merma das súas facultades, polo que resulta acreditado que o solicitante non controlou o seu propio deambular propiciando esta circunstancia a súa caída.

Terceiro.- Respecto á reparación do reloxo que a solicitante reclama, a achega dunha factura de reparación non acredita de ningún modo que se estropease o mesmo a consecuencia dunha caída, e a testemuña proposta non viu o desperfecto, polo que non hai proba bastante ó efecto.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o

evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, **PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada Dna. Margarita Bernárdez Simón por unha caída ocorrida o día 4 de xaneiro de 2005 na rúa Extremadura, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(458).- RECLAMACIÓN DE D^a. PURIFICACIÓN DAPONTE VILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 632/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Purificación Daponte Vila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 2 de xuño de 2005, no que expón que o día 1 de novembro de 2004, mentres camiñaba por Mosteiro (Bembrive), diante da cafetería O Adro, sufriu unha caída ó tropezar cunha arqueta, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 30/11/2004, indicando que a arqueta na que tropezou a reclamante é unha tapa de sumidoiro de augas pluviais, cuxa tapa se atopa nun nivel inferior ó resto da beirarrúa.*
- *Práctica de proba testifical, con data 18/08/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Daponte.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 4.421,52 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de augas, que formula alegacións con data 01/12/2005.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 12/12/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de

responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acoillida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- Consonte coa doutrina citada, se ben a caída puido ter lugar por mor dunha tapa do sumidoiro que se atopa nun nivel inferior ó da beirarrúa, a reclamación interposto non pode prosperar, por canto, tal e como afirma a testemuña proposta, había unha normal visibilidade no momento de producirse a caída e a arqueta non se pode considerar ningún defecto, observándose claramente tanto esta como o seu desnivel segundo as fotografías que o servizo de Vías e Obras do Concello achega e non se trata dun defecto ou trampa oculta. Pódese engadir que a zona na que ocorreu o accidente está asfaltada con pedras irregulares, e a propia beirarrúa ten un firme moi irregular, o que tería que competer a unha dilixencia no camiñar, así como que a accidentada é unha persoa de mediana idade da que non se lle coñece ningún impedimento físico ou psíquico que puidese modular tal dilixencia, por todo o que resulta acredita que Dna. Purificación Daponte Vila non controlou o seu propio deambular por un dspiste ou calquera outra causa, propiciando esta circunstancia a súa caída.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguente indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, PROPÓNSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Purificación Daponte Vila por unha caída ocorrida o día 1 de novembro de 2004 en Mosteiro (Bembrive), por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(459).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN CABEZAS PINTOR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 906/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 17.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María del Carmen Cabezas Pintor presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de xaneiro de 2006, no que expón que o día 15 de xaneiro de 2006, mentres camiñaba pola rúa Padre Feijoo, á altura do número 4, sufriu unha caída por mor de que as lousas da beirarrúa se atopaban levantadas, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 25/01/2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 22/02/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 1.353,22 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 30/05/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectividade dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditado os seguinte:

- *Non hai testemuñas de que a reclamante caeu no lugar indicado, e de cómo aconteceu o accidente. Tampouco hai constancia de intervención levada a cabo pola Policía Local, segundo informe emitido ó respecto;*
- *Consonte co informe e fotografías do lugar indicado pola reclamante, que emite o servizo de Vías e Obras, os defectos da beirarrúa onde di que caeu eran aparentes e non ocultos, e concretamente a focha era de 1 m², segundo a interesada os feitos sucederon ás 12 do mediodía, hora na que hai boa visibilidade.*

De todo o anterior, resula que non hai ningunha proba, salvo as propias manifestacións da interesada, de que o accidente ocorreu no lugar e nas circunstancias que ela indica, circunstancias nas que por certo se contradí nos seus escritos, por canto non houbo testemuñas directas dos ditos feitos e en informe médico refírese a unha caída na beirarrúa segundo refire a paciente, polo que, como ten dito o Consello Consultivo de Galicia en suposto similar (ditame nº 461/2006), a súa postura non pasa de ser unha mera tese argumental, desprovista dunha mínima eficacia probatoria que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente aquela aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba suficiente aboca á inviabilidade da pretensión practicada.

En todo caso, e sen prexuízo do anterior, os defectos da beirarrúa son visíbeis e patentes a unha longa distancia, e na reclamante non consta ningún defecto físico que lle impidise a súa percepción, polo que de

conformidade coa doutrina mencionada do Consello Consultivo de Galicia, así como Tribunal Supremo, a súa petición de indemnización tería que ser desestimada, por falta de control da propia deambulación.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María del Carmen Cabezas Pintor por unha caída ocorrida o día 15 de xaneiro de 2006 na rúa Padre Feijoo, por non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(460).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ELENA SALGUEIRO SOÑORA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE.613/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Elena Salgueiro Soñora presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de maio de 2005, no que expón que o día 9 de setembro de 2004, mentres camiñaba polo Paseo do Río Lagares, sufriu unha caída ó tropezar cunha baldosa de pedra que se atopaba sensibelmente elevada con respecto ás demais existentes no camiño, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 07/07/2005.*
- *Informe do servizo da Policía Local, con data 18/07/2005, indicando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Práctica de proba testifical, con data 23/09/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Salgueiro.*
- *Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 9.714,06 euros.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 23/12/2005.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditados que:

- Dña. María Elena Salgueiro Soñora sufriu unha caída o día 09/09/2004, cando camiñaba polo Paseo do Río Lagares, ó tropezar cunha balodsa de pedra que se atopaba levantada;*
- Á consecuencia da caída, sufriu uns danos corporais, dos que se solicitou ditame médico, que foi emitido o 18/11/2005, que obra no expediente e que, consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, di que “La tendinitis calcificante no guarda relación con el accidente sufrido y el recorrido del hombro presenta en condiciones normales una abducción de 180° y una antepulsión de 180°, presentando la*

paciente 140°, por lo que presenta una pérdida de movilidad de 30°, por lo que se asigna la secuela (41040). La rotación externa en condiciones normales es de 90° y dado que presenta 70°, tiene una pérdida de 20°, por lo que se asigna la secuela (41048). La rotación interna en condiciones normales es de 60°, presentando el lesionado 85°, por lo que como se comprueba hay una mala medición de este parámetro y también la podría haber del resto de los parámetros comentados”. O dito informe valora os danos corporais en 9.714,06 euros;

- Tal e como afirma a reclamante nos seus escritos de 25/05/2005 e 28/06/2005, no Paseo do Río Lagares hai múltiples baldosas elevadas e descolocadas respecto ás que conforman o camiño, que en xeral se atopan en mal estado e deterioradas, atopándose moitas delas descolocadas, ben afundidas ou incluso agretadas e rotas, e non conforman un camiño regular, o que se comproba nas fotografías que ela mesma achega da zona onde se produciu o accidente, aínda que lle resulta imposible sinalar con exactitude o lugar no que se produciu a caída;
- Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras, tampouco se acredita o lugar exacto da caída, aínda que se achega fotografía da posíbel baldosa. A testemuña proposta, á vista desta última fotografía di que “pode ser” o lugar pero non o asegura;
- Cando aconteceron os feitos, segundo a testemuña, era de día e había boa visibilidade;

No presente expediente, polo tanto, conséntase o deficiente estado do camiño, circunstancia que, non obstante, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que se trata dun camiño sen asfaltar, de pedras, circunstancia esta que é perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, como así o afirma a propia reclamante, e que é consustancial ó camiño

Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 380/2006), tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano. Seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade do paseo, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. María Elena Salgueiro Soñora por unha caída ocorrida o día 9 de setembro de 2004 no Paseo do Río Lagares, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(461).- RECLAMACIÓN DE D. GERARDO ACOSTA PADÍN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 617/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Gerardo Acosta Padín presenta reclamación de responsabilidade patrimonial en nome e representación da entidade mercantil Cid 17-40, S.L., mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2005, no que expón que o muro da vivenda unifamiliar sita na estrada de Canido nº 36, propiedade da devandita mercantil, sufriu danos por mor da construción do paseo marítimo da praia de “La Sirenita”, obras que se realizaron entre marzo e maio de 2004.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 16/02/2005, no que indican que este servizo non executou ningunha obra no lugar indicado polo reclamante.*
- Informe do enxeñeiro municipal, con data 20/06/2005, indicando que a actuación municipal consistiu basicamente na implantación dunha pasarela de madeira e enlousado de pedra, non se tocando en ningún momento a cimentación do muro da vivenda danificada.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante con data 27/09/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Acreditada a realidade do dano nun muro de pecha da vivenda unifamiliar, sita na estrada de Canido nº 36 desta cidade, o reclamante achega ó efecto de acreditar a relación dese dano co funcionamento dun servizo público municipal copia do escrito da aseguradora “Segur Caixa”, conforme segundo consta no informe pericial ó efecto, trátase de gretas a consecuencia de obras municipais deste Concello.

Non obstante, obra no expediente infore de 20/06/2005 do enxeñeiro municipal do servizo de Medio Ambiente, que consonte co disposto no artigo 89.5 da Lei 30/1992, serve de motivacións a esta resolución e no que, tras indicar que o 11/08/2003 o concello de Vigo adxudica á Xestión Ambiental de Contratas S.L. as “obras de acondicionamento e rexeneración da zona comprendida entre as praias de Baluarte e Fontaiña, Coruxo”, actuación municipal que consistiu basicamente na implantación nunha zona degradada dunha conexión peonil da praia do Bao coa de Baluarte, Fontaiña e estrada de Canido, mediante unha pasarela de madeira e un enlousado d epedra, ademáis de instalacións compelementarias; nel literalmente dise “En ningún momenbto se tocó la cimentación del muro, por otra parte innecesario para las obras proyectadas. Lo que sí se observó fue lo superficial de dicha cimentación para sostener un muro de contención de la envergadura del que nos ocupa, de mampostería ordinaria enfoscada el paramento de contención inferior y cargando sobre ésta el cierre de sillares labrados en la superior”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Gerardo Acosta Padín, en representación da entidade mercantil Cid 17-40 S.L., por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexo de causalidade entre os defectos do muro e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(462).- RECLAMACIÓN DE D^a. ANGELA IGLESIAS SOTO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS.EXPTE. 270/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Ángela Iglesias Soto presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 20 de xullo de 2004, no que expón que o día 27 de agosto de

2003, camiñando pola avenida de Florida, á altura do número 22, sufriu unha caída, por mor da ausencia dunha lousa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 28/08/2003, no que os axentes actuantes recollen as manifestacións da reclamante que compareceu nas dependencias deste servizo o día seguinte á súa caída; persoados no lugar dos feitos, comprobán a existencia do desperfecto na beirarrúa e contactan con dúas traballadoras dun comercio próximo que confirman teren atendido a Sra. Iglesias aínda que non presenciaron a súa caída.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 07/06/2006, sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente no que indican que na data do informe a beirarrúa xa fora reparada.
- Práctica de proba testifical, en data 21/07/2006, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Iglesias.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 8.363,70 euros.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 14/09/2006.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 05/12/2006, no que indican que se firmou contrato para reparación xeral de beirarrúas coa empresa Construcciones Dios, obras que comezaron en setembro de 2003 e foron recibidos polo Concello o 30 de xuño de 2004.
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Construcciones Dios, que formula alegacións en data 05/02/2007.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Constátase a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estranho á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de

confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba, tanto do dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público, corresponde ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de Responsabilidade Patrimonial). Non obstante, a actividade da Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobacións dos feitos.

Comprobado no expediente que hai unha caída da reclamante que lle produciu danos corporais, e polo tanto un dano avaliábel economicamente, no que respecta á reclamación de causalidade entre o dito dano e o funcionamento dun servizo público tense que ter en conta:

- O día en que aconteceron os feitos era plena tempada de verán, concretamente o 27/08/2003, e segundo as testemuñas propostas era “un día estupendo” e había “boa visibilidade”. Tamén hai quen afirma que non se podía ver a focha na que a reclamante tropezou porque había auga nela, pero resulta a estes efectos tanto o informe emitido pola Policía local como as fotografías que se achegan a el, por canto o lugar onde faltaba alousa medía 20 x 20 centímetros, a profundidade era a propia dunha lousa e nas fotografías vese claramente que se ben contén auga, obsérvase precisamente por esta circunstancia ó no estar o resto da beirarrúa mollada, nin ser previsíbel, dadas as circunstancias meteorolóxicas, o contrario.*
- Hai contradicións no expediente, do xeito no que aconteceron os feitos: así, se nun primeiro momento, a reclamante di que ía paseando, unha das testemuñas di que se aproximou ó colector a guindar un papel, e a súa filla que ía botar lixo ó colector. A opinión maioritaria era que se dirixía a guindar algo ó colector, e dado o sistema de apertura deste, necesariament tiña que ver ó chan e consecuentemente a focha, salvo que o que levaba na man lle impedise a visión, circunstancia que non se lle pode imputar á Administración.*

Cuarto.- De conformidade co ditame da Asesoría médica que di que a reclamante para a súa curación precisou 183 días de curación, e que non se pode considerar que a dar no pé fose unha trombose venosa profunda, e que non hai informe que xustifique ningún tipo de complicacións na súa normal evolución da lesión, ó non ser desvirtuado o anterior, procede estimar a valoración do dano corporal en 8.363,70 euros.

Quinto.- Do conxunto de actuacións do expediente conséntase que a irregularidade do firme que causou a caída claramente manifestábase ó exterior e era apreciábel por un viandante medio, polo que soamente se pode residenciar a causa do accidente nunha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima (ditame do Consello Consultivo de Galicia 380/2006). Non obstante, se ben a negligencia da vítima interfiriu no nexo causal co seu defectuoso control da propia deambulación, resulta obrigado ter en conta a idade da vítima no momento, polo que se conclúe que procede apreciar unha concorrencia de culpas entre a reclamante e a Administración e indemnizar á accidentada co 50% da valoración realizada.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación presentada por Dna. Ángela Iglesias Soto, polos danos físicos ocasionados por unha caída ocorrida o día 27 de agosto de 2003 na avenida Florida, e indemnizala na

contía de 4.181,85 euros máis os xuros legais correspondentes desde a data de entrada da reclamación (20 de xullo de 2004).”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(463).- RECLAMACIÓN DE D. GONZALO OYA ARENOSA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 601/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Gonzalo Oya Arenosa presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 10 de maio de 2005, no que expón que o día 21 de decembro de 2004, mentres circulaba co vehículo de súa propiedade, matrícula PO-1502-BD, pola rúa Velázquez Moreno, á altura do número 45, sufriu danos por mor duns ferros que sobresaían dunha pedra existente na vía, causándose danos materiais ó vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo da Policía Local, de data 16/06/2006, manifestando non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/11/2006, sobre o estado do lugar do accidente á data do informe.*
- *Informe do servizo do Parque Móbil, de data 29/11/2006, no que manifestan que os prezos contidos na factura nº 158 de Talleres Gofer 18 S.L., presentada polo reclamante, por un importe de 95,12 euros IVE incluído, son correctos.*
- *Evacúase trámite de audiencia ó reclamante en data 30/11/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así , a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Á vista das actuacións practicadas no expediente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia en supostos similares, resulta que o reclamante non ofrece máis proba de cómo aconteceron os feitos, isto é, do feito no lugar indicado e que o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público que as súas propias manifestacións, o que non pasa de ser unha tese argumental desprovista dunha mínima proba que, obxectivando as súas alegacións, xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos, polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

E isto é así por canto

- *Se ben no seu escrito de 10/05/2005, o interesado afirma que hai un informe da Policía Local de Vigo ó respecto, solicitado éste, emitiuse informe de 16/06/2005 no que se participa que na xefatura da Policía Local non hai constancia da intervención policial;*
- *Non se presentan testemuñas nin se puido comprobar rotura de roda, xa que a factura que se presenta soamente proba unha compra de data 30/10/2004;*
- *Solicitado informe ó servizo de Vías e Obras, infórmase que o lugar indicado está en perfecto estado e non hai constancia nin dos feitos denunciados nin de reparación de desperfectos.*

Non acreditado, polo tanto, o accidente no lugar sinalado, nin que os danos foron á consecuencia do anormal funcionamento dun servizo público, procede indicar que non corresponde ningunha responsabilidade a esta Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Gonzalo Oya Arenosa por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(464).- RECLAMACIÓN DE D. ANGEL RODRÍGUEZ VIÉITEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 917/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Ángel Rodríguez Viéitez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de xaneiro de 2006 no que expón que o día 17 de xaneiro de 2006, circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula 5000-CPF, pola rúa Ronda de Don Bosco, na saída do aparcadoiro do mercado do Progreso, e colisionou co bordo dunha pedra na calzada, que non estaba sinalizado e tiña mala visibilidade, causándose danos materiais no vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 17/01/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Rodríguez relátalles o accidente que tivera, indicándolles que a pedra na que se accidentara é unha das que delimita a circulación de vehículos e peóns na vía; igualmente comprobán a existencia de danos na roda do vehículo do reclamante.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, de data 14/02/2006, manifestando que os prezos contidos no albará nº 03951 de Neumáticos Calzada, presentado polo reclamante, por un valor de 104,00 euros IVE incluído son correctos.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 22/02/2006, manifestando que o vehículo golpeou un pretil fixo na vía público que serve de delimitador da zona de rodaduras dos vehículos.*
- Evacuase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 28/02/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). Así, a Administración ten o deber ineludíbel de manter estes de modo tal que estea garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, o que implica o recoñecemento ó seu favor dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. Como consecuencia deste deber, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuitos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir.

A eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes, dará lugar á existencia da relación de causalidade entre o dano sufrido polo peón e o deficiente funcionamento do servizo público.

No presente suposto, constátase que o vehículo do reclamante golpeou un pretil fixo na vía pública, que serve para delimitar a zona de rodadura dos vehículos, e que se atopan en toda a rúa, polo que procede analizar a posíbel existencia dunha relación causal directa e inmediata entre ese dano e a actuación administrativa que supostamente a desencadea.

E así, obsérvase claramente nas fotografías achegadas ó expediente que tanto a zona de acceso como de saída ó aparcadoiro é ampla e diáfana, sen que resulta de ningún xeito obrigado situarse ó carón do pretil. Ademáis nas fotografías que o reclamante achega, dende a posición do conductor ó saír do aparcadoiro que preto do pretil se atopa un gran maceteiro cunha árbore que xa indica de por si unha zona non apta de circulación de vehículos. De todo o que resulta que o conductor se ben dispuña dun amplo espazo na saída, cinguiuse incorrectamente a unha zona non apta para a circulación. Alega que chovía, o que dificultaba a visibilidade, circunstancia que non se pode imputar á Administración, así como que era de noite, pero esta é unha zona céntrica da cidade, que ten suficiente iluminación e un defecto nesta non consta no expediente. Por todo o que se pode concluír a orixe do dano na esfera da imputabilidade da propia vítima, ó presumir unha deficiente aplicación da dilixencia debida ó cinguirse dun modo incorrecto na saída do aparcadoiro ó seu carón esquerdo, cando dispuña dun amplo espazo.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Ángel Rodríguez Viéitez, polos danos materiais ocasionados ó vehículo de súa propiedade, matrícula 5000-CPF, por un accidente ocorrido o día 17 de xaneiro de 2006 na Ronda de Don Bosco”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(465).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA FERNANDA FERNÁNDEZ PEREIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 44622/250. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. María Fernanda Fernández Pereira presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 25 de abril de 2005, polo que reclama danos de inundación por rotura dunha acometida de augas de propiedade de Aqualia.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de auga, que formula alegacións en data 31/01/2006.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 18/10/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do

abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na súa cláusula que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento e na súa cláusula 116.1 que a concesionaria asumirá a responsabilidade que lle corresponda como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, quedando obrigada ó resarcemento de todos os danos e perdas que se lle causen a terceiros. Os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de junio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de diciembre de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixirase á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Terceiro.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

É requisito esixible polo tanto para que un dano sexa indemnizado que a súa efectividade sexa debidamente probada, así como que o foi a consecuencia do funcionamento dun servizo público. E a este respecto a reclamante unicamente achega como proba dos supostos danos unha copia do presuposto de reparación de fontanería e albanelería, o que é claramente insuficiente ó respecto. As súas manifestacións non pasan de ser unha tese argumental desprovista dunha mínima proba que obxectivando as súas alegacións xustifique verosimilmente a aproximación indiciaria ós feitos polo que a ausencia de proba aboca á inviabilidade da pretensión exercitada.

Non se pode esquecer tampouco a posíbel intervención dun terceiro no feito causante dos supostos danos por canto a empresa Aqualia, en escrito de 15/11/2005 remitido á interesada e achegada ó expediente o 31/01/2006, puxo de manifesto que a tubería causante do sinistro pertence á rede interior do inmóbel número 21 da rúa Puerto Rico, sendo, polo tanto, competencia do seu propietario o seu mantemento en perfectas condicións, e en trámite de audiencia a interesada non desvirtúa o anterior.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dña. María Fernanda Fernández Pereira por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(466).- RECLAMACIÓN DE D^a. FÁTIMA BARBOSA MARTÍNS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 633/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Fátima Barbosa Martins presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 8 de xuño de 2005, no que expón que, mentres camiñaba pola rúa Nicaragua, á altura do número 27, sufriu unha caída ó tropezar cunha baldosa que se atopaba solta, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 17/01/2006, sobre o estado da beirarrúa onde ocorreu o accidente.*
- Informe do servizo da Policía Local, de data 01/02/2006, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 845,44 euros.*
- Práctica de proba testifical, en data 20/04/2006, a unha das testemuñas proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Barbosa.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 16/05/2006.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en cualquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estrño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974). De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993; ditame Consejo de Estado 678/2002). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resulta acreditado que:

- *Dna. Fátima Barbosa caeu na vía pública, producíndose diversas erosións que o ditame médico solicitado ó efecto valora en 356,44 euros. Así mesmo, a caída produciulle danos nos seus anteollos. Se ben a reclamante alude a un dano dental, non se atopa acreditado que o fose a consecuencia da caída, xa que no primeiro parte de asistencia en urxencias non consta este dato, e as manifestacións do especialista de que a rotura o foi por caída sono a instancia da reclamante, e non proban fehacemente a conexión causal coa caída;*
- *Segundo a testemuña proposta, no momento da caída había unha boa visibilidade, sendo o feito causante da caída un baldosín que se atopaba levantado e que se podía ver a distancia.*

No presente expediente, polo tanto, constátase o deficiente estado da beirarrúa, circunstancia que, non obstante, non entraña un risco especial para os viandantes, xa que esta circunstancia é perfectamente visíbel en circunstancias normais de circulación e tránsito, como así o afirma a testemuña.

Consecuentemente e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia, tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano e, seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Fátima Barbosa Martínez por unha caída ocorrida na rúa Nicaragua, por non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público do Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(467).- RECLAMACIÓN DE D. MANUEL ALONSO GONZÁLEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 634/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Manuel Alonso González presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de xuño de 2005 no que expón que o día 8 de xuño de 2005 o vehículo de súa propiedade, con matrícula 1585-BWT, mentres estaba estacionado na rúa Tomás Alonso, á altura do número 158, foi alcanzado por un colector que se lle caeu encima, polo que sufriu danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, con data 08/06/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Alonso relátalles o accidente que tivera; así mesmo, comprobaban os danos existentes no vehículo e entenden que a causa dos mesmos foi a caída de parte dun armario de madeira apoiado nun columna de formigón da iluminación pública, descoñecendo a identidade da persoa que o colocara nese lugar.*
- Informe do servizo de Limpeza, con data 26/07/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados e que no lugar onde ocorreu o incidente non hai colectores de lixo instalados.*
- Informe do Parque Móbil, de 22/09/2005, comunicando que os prezos contidos na factura nº 4428098 de Comercial Automoto, S.A., presentada polo reclamante, por un importe de 203,63 euros IVE incluído, son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, con data 634/243, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- No expediente consta acreditada a existencia dun dano, avaliado economicamente, polo que cómpre analizar, de conformidade co que dispón o artigo 139 da Lei 30/1992, así como o artigo 2 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento dun servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a que a Administración lle indemnice.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

Terceiro.- Son feitos probados no expediente:

- D. Manuel Alonso González sufriu danos no seu vehículo, concretamente na aleta traseira esquerda del, a consecuencia da caída de parte dun armario de madeira que se atopaba apoiado nunha columna de formigón da iluminación público, descoñecéndose a identidade da terceiro persoa que alí o deixou e canto tempo levaba o dito armario no lugar;*
 - Do informe emitido polo servizo de Limpeza do Concello, no lugar onde aconteceron os feitos non hai colectores instalados polo que, consecuentemente, nón é un lugar habilitado para o depósito de residuos.*
- O funcionamento do servizo do que responde a Administración será aquel que se pode controlar por medios normais e razoábeis, e o nexo causal entre a actuación administrativa e o dano ten que ser directo, inmediato e exclusivo. Ademais é doutrina xurisprudencial consolidada (STS 20/06/2000) a que sostén a exoneración da responsabilidade da Administración, a pesar do seu carácter obxectivo, cando é a condutga do propio perxudicado ou a dun terceiro a única determinante do dano producido, por canto a causa determinante do dano é allea á prestación do servizo pola Administración.*

Procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración coa subseguinte indemnización, por non resultar acredita a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración, por canto a incívica conduta de quen deixou o armario nun lugar non habilitado ó efecto non se pode inserir nun suposto de funcionamento do servizo de Limpeza, por canto

ademais de se descoñecer o momento en que alí se deixou, resulta imposible someter a seguimento e control permanentes a cantos fan uso das vías públicas (ditame do Consejo de Estado 51552, de 25/02/1988).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Manuel Alonso González, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento de ningún servizo público deste Concello”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(468).- RECLAMACIÓN DE D^a. TERESA COSTAS RODRÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 636/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Teresa Costas Rodríguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 09 de xuño de 2005, no que expón que o día 15 de setembro de 2004, o vehículo de súa propiedade, matrícula PO-6385-BT, ó ser retirado polo guindastre municipal, sufriu unha serie de danos materiais.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da empresa Estacionamientos y Servicios, S.A., concesionaria do guindastre municipal, con data 18/11/2004, manifestando non se faceren cargo dos danos reclamados, unha vez que estes xa existían con anterioridade ó momento de engancharen o vehículo.*
- Informe do servizo de Parque Móbil, 21/07/2005, manifestando que os prezos contidos no presuposto de reparación de Talleres Nova, S.L., presentado pola reclamante, por un valor de 159,64 euros son correctos.*
- Evacúase trámite de audiencia á concesionaria Estacionamientos y Servicios, que formula alegacións con data 23/09/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 02/09/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos

de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle á reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á empresa Estacionamientos y Servicios S.A., concesionaria do servizo de retirada, depósito e custodia de vehículos da vía pública por se tivesen constancia dos feitos, a cal achega as fotos efectuadas ó vehículo antes de ser retirado polo guindastre, así como ficha de retirada do vehículo na que no parágrafo “observacións” se di “ligeros golpes y rascazos”.

Dna. Teresa Costas no seu primeiro escrito de 16/09/2004 di que reclama por un golpe na aleta dianteira que cre que foi realizado ó ser retirado pola grúa, en escrito do seu fillo, autorizado por ela, de 24/11/2004 manifestase que o vehículo non tiña ningún golpe por canto acababa de saír do taller onde se lle reparou a mesma parte, achegando ó efecto orzamento de Talleres Novas S.L. de data 23/11/2004, de reparación da aleta dianteira.

Resulta evidente que un orzamento de reparación moi posterior á data de retirada pola grúa do vehículo nada proba dos supostos desperfectos nel a consecuencia da dita retirada, e é obvio que tampouco que o día 15/09/2004 se reparou no dito taller. Engádese ó anterior que non consta que a reclamante fixera constar a circunstancia de ningún desperfecto na folla de autoliquidación da taxa por inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos no parágrafo correspondente ás observacións. Por todo o que non resulta debidamente acreditada a relación de causalidade que a lei esixe entre os danos reclamados e o funcionamento do servizo público municipal de retirada, custodia e depósito de vehículos.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por Dna. Teresa Costas Rodríguez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar probada a existencia relación de causalidade entre os mesmos e o funcionamento, normal ou anormal, do servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(469).- RECLAMACIÓN DE D. RAFAEL ALONSO FERNANDEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 1004/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 16.03.07, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Rafael Alonso Fernández presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 3 de abril de 2006, no que expón que o día 17 de febreiro de 2006, ó circular co vehículo de propiedade da súa esposa Dna. María Nieves Martínez García, matrícula PO-2984-BG, pola ponte da avenida Ricardo Mella sobre o río Lagares, tivo un accidente por mor dunhas gretas no asfalto, producíndose danos materiais ó devandito vehículo.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte do servizo da Policía Local, de data 17/02/2006, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. Alonso relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia de trozos de asfalto soltos na gabia.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 10/04/2006, no que indican que o mantemento da avenida Ricardo Mella é competencia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, mediante a publicación por edictos en data 15/06/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo.- De acordo co informe do servizo de Vías e Obras, de 10/04/2006, no que se di que a titularidade e mantemento da avenida Ricardo Mella é competencia da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, temos que concluír que dado que o Concello de Vigo non é o titular da vía na que ocorreu o accidente obxecto da presente reclamación, polo que carece de lexitimación pasiva no presente procedemento, non sendo posíbel vincular o accidente ó funcionamento, normal ou anormal, de ningún servizo público do Concello.

Polo exposto, e sen entrar a valorar o fondo asunto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Rafael Alonso Fernández por un accidente ocorrido o día 17 de febreiro de 2006 na avenida Ricardo Mella, por canto o Excmo. Concello de Vigo carece de competencia pasiva no presente expediente, ó non ser nin o titular da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido ningún título competencial respecto ó mantemento e conservación da mesma.

2º.- Remitir as actuacións practicadas á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(470).- CAMPAÑA DE DESRATIZACIÓN DO ANO 2007 A REALIZAR POLO PERSOAL MUNICIPAL DE SERVIZO DE DESINFECCIÓN. EXPTE. 17121/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 23.02.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, que di o seguinte:

A iniciativa do Sr. Director do Laboratorio Municipal coa conformidade do concelleiro-delegado da área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, proponse á Xunta de Goberno Local a aprobación dunha campaña de desratización do termo municipal de Vigo para o presente ano 2007 e que sería acometida directamente polo propio persoal adscrito ó Servizo de Desinfección, coa colaboración de dous oficiais conductores adscritos ó Parque Móbil municipal.

Para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora da xornada habitual de traballo, o que ven xustificado non só por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas tanto pola noite como nos días festivos, senón tamén pola insuficiente dotación de persoal, que non permitiría a posibilidade de gratificar ditos servizos con descansos compensatorios, sendo por outra banda imposible compatibilizar este traballo extraordinario coas tarefas habituais que demanda constantemente o servizo durante a súa xornada normal.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro fronte a unha contratación administrativa externa.

Cumpre salientar que idéntica campaña realizouse entre os meses de maio á agosto do pasado ano cuns resultados altamente satisfactorios.

Segundo o informe do Sr. Director do Laboratorio Municipal o importe total da produtividade proposta ascende a 8.128,38 €

As ínesmo, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 28 de febreiro do ano 2005, prorrogadas para o presente exercicio, en concreto a Instrucción 3ª.h) establece que “con cargo ó complemento de produtividade aboarase a actividade extraordinaria pola realización de campañas de desinfección, desinsectación, etc., do Laboratorio municipal cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo, tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederase a instancias da Xefatura do Laboratorio Municipal un complemento de produtividade que serva para recompensa-lo esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas conxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de Goebnro Local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc...”

Por todo o exposto, sometese á consideración da Xunta de Goberno Local a PROPOSTA que a continuación se transcribe para que no uso das competencias resolutorias que actualmente ten delegadas pola Alcaldía-Presidencia adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-lo establecemento dunha campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2007, a realizar polo propio persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dos oficiais conductores do Parque Móbil, cunha duración prevista dende o 2 de maio ata 31 de xullo do presente ano.

Segundo.- Aproba-lo establecemento dun complemento de produtividade por un importe global de 8.128,38 € a repartir entre o persoal do Servizo de Desinfección e o do Parque Móbil, segundo as horas traballadas por cada un ó remate da campaña.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do Laboratorio municipal no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe favorablemente a dedicación e rendemento dos traballadores do servizo, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(471).- EXECUCIÓN DE EFECTOS DA SENTENZA 177/2005 DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO A CABOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS (2º GRUPO). EXPTE. 17151/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 8.03.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

En Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004 foi parcialmente estimada a

pretensión exercitada polos recorrentes D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. José Antonio Villar Comesaña, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso, cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, reclamando o aboamento dun complemento de produtividade pola realización de funcións de superior categoría, ao desenvolver tarefas inherentes aos sarxentos.

Na dita sentenza se declarou o dereito dos mesmos á percepción do complemento de produtividade nos termos expostos na propia sentenza, ordenando a este Concello dispoñer os trámites necesarios para o aboamento das cantidades que correspondesen ás substitucións acreditadas polos recorrentes e que cumprisen as condicións expostas.

Plantexados perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo incidentes procesuais de extensión de efectos de sentenza polos funcionarios Vicente Alonso Covelo, Edelmiro Montes Iglesias, Félix López Landesa, José Benito Villaverde Baleiro, José Luis Fernández Cabaleiro, Jesús López Riocabo e José Antonio Villar Comesaña, o devandito órgano xurisdiccional, en Autos de datas 01/06/2006, 09/06/2006 e 27/06/2006 respectivamente, estima as pretensións dos solicitantes, entendendo que procede a extensión de efectos da sentenza referenciada, debendo o Concello de Vigo proceder á materialización da mesma en iguais termos que os consignados na sentenza.

En data 7 de marzo de 2007, presentase no Rexistro Xeral do Concello, solicitudes de D Fernando Solveira de la Fuente (Doc 70028317) , D Carlos Rodriguez Lago (Doc 70028314) , D Rafael Moledo Iglesias (Doc 70028318) e D Justo Alonso Villar (Doc 70028319), nas que se solicita o aboamento en nomina das contias correspondentes a extension da Sentenza nº 177/2005 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, de 24 de maio de 2004, referente ó abono de produtividade por diferenza de función realizadas polos Cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento correspondentes ó ano 2006.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 28 de agosto de 2006, adoptou o acordo da EXTENSIÓN DE EFECTOS DA SENTENZA Nº 177/2005, DO X.CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO A SARXENTOS DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENCIOS E POLICÍA LOCAL. EXPTE. 16567/220, polo que se procede ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido nos Autos de datas 01/06/2006, 09/06/2006 e 27/06/2006, dictados polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo nos incidentes procesuais de extensión de efectos de sentenza nºs 27/06, 30/06, 31/06, 32/06, 33/06, 29/06 e 72/06, presentados polos funcionarios Vicente Alonso Covelo, Edelmiro Montes Iglesias, Félix López Landesa, José Benito Villaverde Baleiro, José Luis Fernández Cabaleiro, Jesús López Riocabo e José Antonio Villar Comesaña, dando cumprimento en consecuencia –e previo o preceptivo informe da Intervención Xeral- á extensión dos efectos da Sentenza nº 177/2005, do 24 de maio, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento abreviado) nº 321/2004, estimatoria parcial e declarativa do dereito dos funcionarios cabos do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento D. Fernando Solveira de la Fuente, D. Carlos Rodríguez Lago, D. Justo Alonso Villar e D. Rafael Moledo Alonso á percepción dun complemento de produtividade pola actividade extraordinaria realizada como sarxentos, nos termos e condicións da propia sentenza, e consecuentemente dispoñer o aboamento das cantidades que procedan, correspondentes ás substitucións acreditadas polos recorrentes que superen un mes no período de un ano, tal e como establece o fundamento xurídico 2º da citada resolución xudicial.”

Con respecto o petición do aboamento das cantidades correspondentes ao ano 2006, as diferencias retributivas mensuais entre os postos de sarxento e cabo de extincion de Incendios para o ano 2006, son:

AÑO 2006

	CD	CE	DIFERENCIA RETRIBUTIVA MENSUAL
SARXENTOS	20	81	
CABOS	16	40	244,39

A total de gardas realizadas durante o ano 2006 é de 71, polo que a media mensual resultante sería de 6,45 xornadas.

Segundo informe de data 29 de xaneiro de 2007, do oficial do Servicio de Extinción de Incendios sobre os cabos que prestaron servizo como responsables de quenda nos parques por falta de sarxentos no período do 1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2006, os solicitantes figuran co seguinte nº de horas, o que supón un total de gardas de:

NOME	Nº PERSOAL	Nº HORAS	Nº GARDAS
SOLVEIRA DE LA FUENTE, F	20913	813	34
RODRIGUEZ LAGO, CARLOS	20669	696	29
MOLEDO ALONSO RAFAEL	20899	456	19
ALONSO VILLAR, JUSTO	20801	288	12

Polo que deberán percibir as seguintes cantidades totais:

NOME	IMPORTE
SOLVEIRA DE LA FUENTE, F	1086,37
RODRIGUEZ LAGO, CARLOS	930,03
MOLEDO ALONSO RAFAEL	609,33
ALONSO VILLAR, JUSTO	384,84

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Proceder ao aboamento das cantidades seguintes aos cabos do servizo de extinción de incendios que prestaron servizo como responsables de quenda no ano 2006:

NOME	IMPORTE
SOLVEIRA DE LA FUENTE, F	1086,37
RODRIGUEZ LAGO, CARLOS	930,03
MOLEDO ALONSO RAFAEL	609,33
ALONSO VILLAR, JUSTO	384,84

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(472).- ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE Ó FUNCIONARIO D. LUIS CADARSO DE LA PEÑA POR DESEMPEÑO DO POSTO DE SECRETARIO DO

TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO – 3º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 17141/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 8.03.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por Resolución da Alcaldía de data 2 de novembro de 2005, nomease Presidente do Tribunal Económico administrativo en substitución de D Alfonso Ramos Covelo e ata a conclusión da Comisión de servizos conferida a este funcionario para o desempeño do cargo de Xerente no Consorcio Casco Vello de Vigo a D Miguel Miranda Pan, funcionario deste Concello e Secretario de dito Tribunal.

Na mesma resolución nomease a D Luis Cadarso de la Peña, funcionario municipal a Escala de Administración Xeral, Secretario accidental de dito tribunal, funcións que deberá compatibilizar coas que actualmente desempeña no seu posto de Xefe de Servizo de Patrimonio.

No apartado terceiro resolverse que os devanditos funcionarios percibirán, durante o tempo que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade a diferenza retributiva que poda existir entre os complementos de Destino e Específico dos postos dos que son titulares e os postos para os que se lle nomea provisional e accidentalmente

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e ó Alcalde Presidente da Corporación a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.

Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para os postos de Presidente do órgano de reclamacións económico-administrativas, secretario do órgano de reclamacións administrativas e xefe servizo patrimonio no ano 2005, co incremento do 2% establecido para o ano 2006, os importe do Complemento de destino e específicos son os que siguen:

Retribucións posto 01.0284: Presidente órgano reclam. Económico Advtas

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE anual: 29.131,20 €

Retribucións posto 01.0282: Secretario Organo reclam. Economico Adtvas

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE: anual: 28.402,92 €

Retribucións posto 01.0017 : Xefe servicio Patrimonio

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE anual: 16.770,72 €

A diferenza retributiva entre o posto 01.0284 (Presidente organo reclam. Economico Adtvas) e o 01.0282 (Secretario Organo reclam. Economico Adtvas) é:

- ◆ Diferencia CD: 0
- ◆ Diferencia CE anual: 728,28

A diferenza retributiva entre o posto 01.0282 0282 (Secretario Organo reclam. Economico Adtvas) e o 01.0017 (Xefe servicio Patrimonio) é:

- ◆ Diferencia CD: 0
- ◆ Diferencia CE anual: 11.632,20

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, computarase como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, polo que non procede efectuar descontos .

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da intervención xeral, a seguinte PROPOSTA:

Recoñecer e aboar ao funcionario a D Luis Cadarso de la Peña, Xefe do servizo de patrimonio, a cantidade de 2631,09 € en concepto de produtividade correspondentes o terceiro trimestre do ano 2006, cantidades nas que se inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria do período.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(473).- ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE Ó FUNCIONARIO D. LUIS CADARSO DE LA PEÑA POR DESEMPEÑO DO POSTO DE SECRETARIO DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO – 4º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 17143/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 15.02.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por Resolución da Alcaldía de data 2 de novembro de 2005, nomease Presidente do Tribunal Económico administrativo en substitución de D Alfonso Ramos Covelo e ata a conclusión da Comisión de servizos conferida a este funcionario para o desempeño do cargo de Xerente no Consorcio Casco Vello de Vigo a D Miguel Miranda Pan, funcionario deste Concello e Secretario de dito Tribunal.

Na mesma resolución nomease a D Luis Cadarso de la Peña, funcionario municipal a Escala de Administración Xeral, Secretario accidental de dito tribunal, funcións que deberá compatibilizar coas que actualmente desempeña no seu posto de Xefe de Servizo de Patrimonio.

No apartado terceiro resolveuse que os devanditos funcionarios percibirán, durante o tempo que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade a diferenza retributiva que poda existir entre os complementos de Destino e Específico dos postos dos que son titulares e os postos para os que se lle nomea provisional e accidentalmente

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e ó Alcalde Presidente da Corporación a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.

Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para os postos de Presidente do órgano de reclamacións económico-administrativas, secretario do órgano de reclamacións administrativas e xefe servizo patrimonio no ano 2005, co incremento do 2% establecido para o ano 2006, os importe do Complemento de destino e específicos son os que siguen:

Retribucións posto 01.0284: Presidente órgano reclam. Económico Admvas

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE anual: 29.131,20 €

Retribucións posto 01.0282: Secretario Órgano reclam. Económico Admvas

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE: anual: 28.402,92 €

Retribucións posto 01.0017 : Xefe servizo Patrimonio

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €

- ◆ CE anual: 16.770,72 €

A diferenca retributiva entre o posto 01.0284 (Presidente organo reclam. Economico Adtvas) e o 01.0282 (Secretario Organo reclam. Economico Adtvas) é:

- ◆ Diferencia CD: 0
- ◆ Diferencia CE anual: 728.28

A diferenca retributiva entre o posto 01.0282 0282 (Secretario Organo reclam. Economico Adtvas) e o 01.0017 (Xefe servizo Patrimonio) é:

- ◆ Diferencia CD: 0
- ◆ Diferencia CE anual: 11.632,20

De conformidade coas Instruccións de Plantilla vixentes, computarase como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, polo que non procede efectuar descontos .

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da intervención xeral, a seguinte PROPOSTA:

“Recoñecer e aboar ao funcionario a D Luis Cadarso de la Peña, Xefe do servizo de patrimonio, a cantidade de 2631,09 € en concepto de produtividade correspondentes o 4º trimestre do ano 2006, cantidades nas que se inclue a parte proporcional da paga extraordinaria do periodo”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(474).- ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE Ó FUNCIONARIO D. MIGUEL MIRANDA PAN POR DESEMPEÑO DO POSTO DE PRESIDENTE DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO – 3º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 17140/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 9.11.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por Resolución da Alcaldía de data 2 de novembro de 2005, nomease Presidente do Tribunal Economico administrativo en substitucion de D Alfonso Ramos Covelo e ata a conclusion da Comision de servizos conferida a este funcionario para o desempeño do cargo de Xerente no Consorcio Casco Vello de Vigo a D Miguel Miranda Pan, funcionario deste Concello e Secretario de dito Tribunal.

Na mesma resolución nomease a D Luis Cadarso de la Peña, funcionario municipal a Escala de Administracion Xeral , Secretario accidental de dito tribunal, funcions que deberá compatibilizar coas que actualmente desempeña no seu posto de Xefe de Servizo de Patrimonio.

No apartado terceiro resolvese que os devanditos funcionarios percibirán, durante o tempo que desempeñen as funcions mencionadas e en concepto de produtividade a diferenca retributiva que poda existir entre os

complementos de Destino e Especifico dos postos dos que son titulares e os postos para os que se lle nomea provisional e accidentalmente

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e ó Alcalde Presidente da Corporación a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para os postos de Presidente do organo de reclamacións económico-administrativas, secretario do organo de reclamacións administrativas e xefe servizo patrimonio no ano 2005, co incremento do 2% establecido para o ano 2006, os importe do Complemento de destino e específicos son os que siguen:

Retribucións posto 01.0284: Presidente organo reclam. Económico Adtv

- ◆ *Cd anual: 11.524,39 €*
- ◆ *CE anual: 29.131,20 €*

Retribucións posto 01.0282: Secretario Organo reclam. Económico Adtv

- ◆ *Cd anual: 11.524,39 €*
- ◆ *CE: anual: 28.402,92 €*

Retribucións posto 01.0017 : Xefe servizo Patrimonio

- ◆ *Cd anual: 11.524,39 €*
- ◆ *CE anual: 16.770,72 €*

A diferenza retributiva entre o posto 01.0284 (Presidente organo reclam. Económico Adtv) e o 01.0282 (Secretario Organo reclam. Económico Adtv) é:

- ◆ *Diferencia CD: 0*
- ◆ *Diferencia CE anual: 728,28*

A diferenza retributiva entre o posto 01.0282 0282 (Secretario Organo reclam. Económico Adtv) e o 01.0017 (Xefe servizo Patrimonio) é:

- ◆ *Diferencia CD: 0*
- ◆ *Diferencia CE anual: 11.632,20*

De conformidade coas Instruccións de Plantilla vixentes, computarásese como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, polo que non procede efectuar descontos .

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da intervención xeral, a seguinte PROPOSTA:

“ Recoñecer e aboar ao funcionario Sr. D.Miguel Miranda Pan , Secretario do organo de reclamacións económica administrativas, a cantidade de 182,07 euros, en concepto de produtividade correspondentes o terceiro trimestre do ano 2006, cantidades nas que se inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria do período”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

38(475).- ASIGNACIÓN DE PRODUCTIVIDADE Ó FUNCIONARIO D. MIGUEL MIRANDA PAN POR DESEMPEÑO DO POSTO DE PRESIDENTE DO TRIBUNAL ECONÓMICO ADMINISTRATIVO – 4º TRIMESTRE 2006. EXPTE. 17142/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 14.03.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos da Unidade de Persoal, do 15.02.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por Resolución da Alcaldía de data 2 de novembro de 2005, nomease Presidente do Tribunal Económico administrativo en substitución de D Alfonso Ramos Covelo e ata a conclusión da Comisión de servizos conferida a este funcionario para o desempeño do cargo de Xerente no Consorcio Casco Vello de Vigo a D Miguel Miranda Pan, funcionario deste Concello e Secretario de dito Tribunal.

Na mesma resolución nomease a D Luis Cadarso de la Peña, funcionario municipal a Escala de Administración Xeral , Secretario accidental de dito tribunal, funcións que deberá compatibilizar coas que actualmente desempeña no seu posto de Xefe de Servizo de Patrimonio.

No apartado terceiro resolverse que os devanditos funcionarios percibirán, durante o tempo que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade a diferenza retributiva que pode existir entre os complementos de Destino e Específico dos postos dos que son titulares e os postos para os que se lle nomea provisional e accidentalmente

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen nengún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade, e ó Alcalde Presidente da Corporación a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de produtividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.

Consonte ás retribucións aprobadas polo Pleno deste Concello para os postos de Presidente do organo de reclamacións económico-administrativas, secretaio do organo de reclamacións administrativas e xefe servizo patrimonio no ano 2005, co incremento do 2% establecido para o ano 2006, os importe do Complemento de destino e específicos son os que siguen:

Retribucións posto 01.0284: Presidente organo reclam. Económico Adtvás

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE anual: 29.131,20 €

Retribucións posto 01.0282: Secretario Organo reclam. Económico Adtvás

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE: anual: 28.402,92 €

Retribucións posto 01.0017 : Xefe servizo Patrimonio

- ◆ Cd anual: 11.524,39 €
- ◆ CE anual: 16.770,72 €

A diferenza retributiva entre o posto 01.0284 (Presidente organo reclam. Económico Adtvás) e o 01.0282 (Secretario Organo reclam. Económico Adtvás) é:

- ◆ Diferencia CD: 0
- ◆ Diferencia CE anual: 728,28

A diferenza retributiva entre o posto 01.0282 0282 (Secretario Organo reclam. Económico Adtvás) e o 01.0017 (Xefe servizo Patrimonio) é:

- ◆ Diferencia CD: 0
- ◆ Diferencia CE anual: 11.632,20

De conformidade coas Instrucións de Plantilla vixentes, computarase como días traballados os días de permisos e licencias se a produtividade conta cunha periodicidade e non se autorice día a día, como é o caso, polo que non procede efectuar descontos .

Consecuentemente, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, previo informe da intervención xeral, a seguinte PROPOSTA:

“ Recoñecer e aboar ao funcionario Sr. D.Miguel Miranda Pan , Secretario do organo de reclamacions economica administrativas, a cantidade de 182,07 euros, en concepto de produtividade correspondentes o 4º trimestre do ano 2006, cantidades nas que se inclue a parte proporcional da paga extraordinaria do periodo”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(476).- CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NA CANTIDADE DA DEVOLUCIÓN DE FIANZA SOLICITADA POR D. JOSÉ LUIS FREIJEDO RODRÍGUEZ. EXPTE. 51716/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Vías e Obras, do 19.03.07, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

“ Vista a solicitude formulada por Jose Luis Freijedo Rodríguez, en relación o aval constituído en data 26/07/2006 , para responder das obras de reposición de rexistro gasoil na r/ Pi y Margall 54 (49921-250), constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 8 de febreiro de 2007, donde se reseña que a lugar das obras foi urbanizado correctamente, e polo que informa favorablemente a devolución do aval constituído o efecto.

Polo que , PROPÓNSE

Proceder a devolución do aval constituído por D. José Luis Freijedo Rodríguez, polo importe de 5000 euros, para responder das obras autorizadas o efecto.”

Como queira que a cantidade do aval era de 300 euros, corríxese o informe previo, propoñendo a devolución do aval constituído por D. José Luis Freijedo Rodríguez, polo importe de 300 euros, para responder das obras autorizadas o efecto.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda corrixir o erro material do acordo adoptado o 19.02.07, de xeito que procede a devolución do aval constituído por D. José Luis Freijedo Rodríguez polo importe de 300 € para responder das obras de reposición de rexistro gasoil na rúa Pi y Margall 54 (49921/250).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

40(477).- ACORDO COMPLEMENTARIO Ó ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE 29.01.07 BAIXO O Nº 13 DA ORDE DO DÍA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da proposta formulada con data 26.03.07 polo xefe de negociado de Contratación, que di o seguinte:

O acordo adoptado na sesión de data 29.01.07, de común acordo, adóptase nos seguintes termos:

1º.- A hipoteca para a financiación das obras que refire o art. 14.2 e art. 14.3. do Prego de cláusulas económico-administrativas particulares, segundo redacción dada por acordo da Xunta de Goberno Local de 29.01.07, é a que se vai a constituír para garantir o préstamo nº 500-0573-2813, por un principal de 9.736.913,90 € e un total de responsabilidade garantida de 16.552.753,63 €, por un prazo de 28 anos, incluídos os 3 primeiros anos de carencia, amparada en Plan de Vivendas de Protección Autonómica de 2005-2008 Programa 2006, de tal forma que a condición resolutoria prevista no art 14.2 e 14.3 do Prego de cláusulas económicas-administrativas particulares, queda posposta á referida hipoteca.

2º.- Autorízase ó concelleiro de Patrimonio e Contratación para que compareza ó otorgamento da escritura pública de constitución do citado préstamo con garantía hipotecaria, ós efectos de refrendar o presente acordo e o anteriormente adoptado pola Xunta de Goberno local de 29.01.07.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

41(478).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE ANIMA E CORPO ENSEMBLE DENTRO DO CICLO DE MÚSICA SACRA 2007. EXPTE. 10125/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Actividades Culturais do 16.03.07, conformado polo xefe do Servizo de Cultural, o concelleiro da Área de Asuntos Sociais e o interventor xeral a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do concerto do grupo ANIMA E CORPO ENSEMBLE, o día 29 de MARZO, ás 21,45 horas, na Parroquia-Santuario “María Auxiliadora”, dentro do programa do *Ciclo de Música Sacra 2007*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 23.176,80.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

*PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA
ANIMA E CORPO ENSEMBLE
“A Pasión según San Marcos” de Reinhard Keiser*

En Vigo, o XXXXX de marzo de 2007

Dunha parte D. Ignacio López-Chaves Castro, en calidade de concelleiro da Área de Asuntos Sociais, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo ANIMA E CORPO ENSEMBLE co programa “A Pasión de San Marcos” de Reinhard Keiser, no sucesivo O ARTISTA, o mércores 29 de marzo de 2007, ás 20,45 horas, no recinto denominado Parroquia-Santuario “María Auxiliadora”. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese no Ciclo de Música Sacra 2007, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día da actuación.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 19.980.- Euros máis 3.196,80.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 23.176,80.-Euros (vintetrés mil cento setenta e seis euros con oitenta céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación é de acceso libre e gratuío até completar o seu aforamento

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o

CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até dúas horas despois da súa finalización, pero sempre en función dos servizos litúrxicos do recinto.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A

AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO
(Concelleiro de Asuntos Sociais)

ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ

ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Non se precisa equipo de son; o de iluminación por conta do CONCELLO.

1.3 RECINTO E INSTALACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

1.4. BACKLINE.

O CONCELLO aportará un órgano positivo e 12 atriles para o desenvolvemento do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximo ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións e fruta.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por DÚAS persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

Ámbalas dúas partes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

42(479).- CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS E DOCE OPERARIOS-PEÓNS POR UN PERÍODO DE 3 MESES PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. 17171/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

